

Libros

Texto:
**Manuel
Pereira**

Foto:
A.S.

Títulase o volume *Ha llegado la hora de montar tu empresa* e en algo máis de 200 páxinas explica todo o proceso para logralo, partindo dunha idea inicial e expoñendo xa desde o comezo as dificultades ás que se enfrontan as persoas emprendedoras, que desde logo non son poucas, sobre todo tendo en conta o contexto económico actual.

Alejandro Suárez é desas persoas que están dispostas e arriñarse e así o fai desde hai anos e aspira a continuar facéndoo, tal como revela na introdución, no que lembra que a súa experiencia como emprendedor se iniciou cando tiña pouco máis de dezaioito anos nun negocio de hostalería, e desde aquela a agora, con trinta e seis anos, “abrín e pechei proxectos sen descanso. Fundei varias compañías e participo como investidor privado noutra decena delas, acompañando e apoiando os seus emprendedores”.

Houbo proxectos que, asegura, foron “sonoros fracasos económicos” e outros que conseguiron “grandes beneficios”, pero en todos eles foi “a única maneira de superarme e conseguir éxitos: a persistencia nos meus obxectivos”.

NO LIBRO
RECÓLLENSE
OS PRINCIPIOS
QUE SEGUEN
EMPRESARIOS
COMO AMANCIO
ORTEGA

Establece unha diferenza crucial entre a figura de empresario e a de emprendedor, sendo o primeiro “unha persoa que posúe un capital importante para a creación de riqueza e capaz de ofrecer emprego”, en tanto que o segundo “non dispón necesariamente dun gran capital para o seu proxecto nin provén dunha familia acomodada que lle achandará o camiño”.

Así, asegura, “calquera de nós pode ser emprendedor. Se contas cunha idea e ganas de levala á práctica, non hai máis que falar: es un emprendedor”. Aínda que hai un elemento en común, pois “tanto o empresario como o emprendedor buscan en primeiro termo crear un negocio que lles reporte tranquilidade económica e realización persoal”.

Para analizar unha idea, Suárez propón estudar varias cousas: se é innovadora, se achega algo que a faga diferente e atraente, cales son as estratexias para facela realidade e finalmente cales son os recursos necesarios. Expón despois o caso de diferentes empresa-

O AUTOR DIRIXE A REDE DE BLOGS OCIO NETWORKS E LAZER REDE DE BLOGS

Ha llegado la hora de montar tu empresa

ALEJANDRO SUÁREZ SÁNCHEZ-OCAÑA

Facebook • Twitter

Gústame 306

Inicio El Libro **El Autor** Testimoniales Prensa Descargas Noticias Contacto Video

Alejandro Suárez Sánchez-Ocaña (Madrid, 1973)

Emprendedor, inversor y empresario del sector de las nuevas tecnologías, vicepresidente de AIEI (Asociación de Inversores y Emprendedores de Internet), director ejecutivo del Grupo Publispain, de la Red de Blogs de Ocio Networks y de Lazer Rede de Blogs en Brasil, presidente de Inversora Foley, consejero y socio fundador de Yes.fm, entre otras empresas.

Desde que fundó su primera compañía en 1998, ha participado como Business Angel, consultor asesor de fondos de capital riesgo en los principales sectores de actividad industrial, creando nuevas empresas en el mundo de la hostelería, biotecnología y medios de comunicación; su actividad emprendedora ha sido incesante durante todos estos años tanto en número de proyectos como áreas de negocio.

Debido a su larga trayectoria profesional y a su marcado carácter innovador, colabora en diferentes foros y medios de comunicación a través de artículos y tribunas de opinión, abordando los principales temas que afectan a la sociedad digital y a las empresas españolas. Participa activamente como ponente en congresos nacionales y mesas redondas, y es miembro del jurado en diferentes actos y así como profesor del Master in Business Entrepreneurship de la Universidad Politécnica de Madrid.

Más info: <http://www.alejandrosuarez.es/sobre-mi/>



OCIO
Red de Blogs

CLUB SANTA MÓNICA
CLUB DE VIAJES

Publispain.com
Comunidad Virtual

GESTIONARADIO

yes.fm
music

LAZER

A WEB COMPLEMENTARIA DO LIBRO: WWW.HALLEGADOLAHORADEMONTARTUEMPRESA.COM

Estratexias para sermos emprendedores

Alejandro Suárez é socio fundador desde 1998 de varias compañías, das cales algunhas teñen que ver directamente coas novas tecnoloxías. Agora publica na editorial Deusto un libro que lles pode servir de axuda a emprendedoras e emprendedores á hora de desenvolveren un plan de negocios ou de ser conscientes de todo o que implica.

rios de éxito, entre eles Amancio Ortega, presidente do grupo galego Inditex, e achega algúns dos principios que seguiu para erguer as súas empresas, como dedicación plena ou innovación pero atendendo ós resultados conseguidos con ela.

Lembra o autor con exemplos concretos como unha boa idea pode non funcionar como se espera, polo que hai que pensar que “debe ter proxección, mercado real no presente e posibilidades de crecemento”, e a ser posible nun sector en crecemento, tendo en conta que “a maioría das veces as mellores ideas son as máis sinxelas”, e que antes de poñelas en marcha pode ser interesante escoitar a opinión doutras persoas.

Asegura Alejandro Suárez que un erro frecuente pode ser

“namorarse dunha idea”, o que supón un perigo porque pode ser necesario facer cambios sobre o proxecto orixinal, que ó mellor unha persoa emprendedora non serán quen de afrontar se se dá o caso de que lle colle demasiado apego a un proxecto.

Así mesmo, subliña que hai certas trabas burocráticas á hora de poñer en marcha un negocio, o que se plasma en datos como “para poñer en marcha unha empresa se requiren polo menos dez trámites e corenta e sete días de media, o que contrasta co resto de países da nosa contorna, onde a media é de cinco trámites e tan só trece días”. Mais hai apoios para a fase da creación das firmas coma os viveiros empresariais.

Considera o emprendedor que entre os mozos e mozas que

estudan nas universidades faltan máis persoas dispostas a lanzarse a crear negocios e empresas, e que a cousa non mellora: “a universidade española deixou de ser unha fábrica de mileuristas”.

SUÁREZ ESTABLECE DIFERENZAS ENTRE A FIGURA DE EMPRESARIO E A DE EMPRENDEDOR, AÍNDA QUE O FIN É O MESMO

tas para converterse nunha fábrica de parados. E os datos non enganan”. De feito, indica máis adiante, “curiosamente, a día de hoxe, hai moitos máis xubilados que estudantes creando empre-

sas”, xa que se trata de persoas que aproveitan a súa experiencia e que en moitos casos xa antes crearan outras compañías.

Tipos de empresas, trámites para a posta en marcha, tempo que leva facelo son outros aspectos da cuestión que se abordan no libro, o mesmo que modelos alternativos coma as franquicias, que aceleran algunhas cousas.

Un apartado interesante é o que trata os erros máis comúns dos emprendedores noveis, como a mala elección do sector, do modelo de negocio ou do equipo humano. Erros dos que se debe aprender á hora de afrontar novos proxectos e que deben servir tamén para superar o medo ó fracaso que, lembra Suárez, está moi estendido na sociedade española.